

CEIP Milladoiro

[Versión 1.0_ xuño 2022]

ÍNDICE

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do Plan Dixital. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Milladoiro

Enderezo: Ventorrillo s/n

Localidade: Malpica de Bergantiños (A Coruña)

Teléfono: 881880736 / 880880737

Código de centro: 15026765

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmilladoiro>

Nº de alumnos/as no curso 2021/22: 146

Nº de mestres/as no curso 2021/22: 18

1.2 Contextualización do Plan Dixital. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Milladoiro pertence a Malpica de Bergantiños, situado na provincia de A Coruña e localizado na denominada Costa da Morte. Na actualidade ten uns 5.400 habitantes, presentando unha tendencia á diminución progresiva da poboación que parece imparable nos últimos vinte anos. A capital do concello é Malpica, lugar onde se atopa o colexio, pero tamén ten outros núcleos de poboación importantes como o pobo oleiro de Buño, que tamén conta co seu centro educativo.

A vocación mariñeira desta vila é incuestionable pero nos últimos datos estatísticos (2017) amosan que a poboación malpicá xa non ten o mar como actividade prioritaria. Agora a poboación está ocupada maioritariamente no sector servizos e na pequena industria. A idade media é de 52,24 anos de idade e o saldo vexetativo de -56 (IGE, 2018). O nivel de instrución da poboación é medio-baixo, presentando aínda preocupantes datos de analfabetismo entre persoas maiores de 65 anos. Tamén presenta este perfil medio-baixo o nivel económico, sendo destacable tamén o número de familias que levan seguimento por parte de Servizos Sociais.

A inmensa maioría do noso alumnado pertence a familias naturais do propio concello ou limítrofes asentadas aquí durante xeracións. É frecuente a mobilidade por cuestións laborais: familias que se trasladan buscando oportunidades laborais e levan consigo aos fillos, tanto en dirección de saída coma de entrada. Tendo en conta o perfil económico deprimido, apenas temos

alumnado inmigrante aínda que si que recibimos nos últimos tempos familias chegadas de África, Latinoamérica e mesmo de China.

O Proxecto Educativo foi actualizado e aprobado por unanimidade en Claustro e Consello en xuño de 2020. Nel quedan reflectidas as nosas liñas de identidade.

A filosofía de traballo do CEIP Milladoiro baséase nos Proxectos Documentais Integrados (PDI). Cada curso buscamos propostas curriculares, avaliábeis dentro das programacións de actividades e contidos das aulas, introducindo todos os novos recursos tecnolóxicos ao noso alcance para que sexan proxectos propios do século no que estamos. Este enfoque traballa a favor de: dinámicas da aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), do profesorado, e o máis importante, do alumnado, que recibe propostas innovadoras de traballo ALFIN con enfoque disciplinario e coa seriedade e importancia do traballo curricular e avaliábeis.

Por iso, no curso 2019/2020 , deseñamos os laboratorios de aprendizaxe, que organizamos combinando niveis, creando grupos mixtos de maneira que os pequenos compartan as experiencias cos máis maiores e estes axúdanlles aos doutras idades aprendendo todos á vez de forma cooperativa. Estamos incorporando en cada un dos laboratorios metodoloxías amplamente experimentadas noutros centros, e que permiten traballar a inclusión e as melloras das capacidades dun xeito real, ademais de facilitar a convivencia. O pasado curso tivemos que modificar organización dos mesmos a consecuencia da pandemia, pero intentamos manter a súa esencia e o seu obxectivo principal.

Consideramos que o Plan Dixital debe formar parte, de maneira transversal, do proxecto de colexio que desenvolvemos, curso tras curso, mediante diferentes plans e programas; polo que de cara ao vindeiro curso 2022/23 buscaremos a consecución dos seus obxectivos específicos integrándoos de maneira activa e significativa nos seguintes plans e programas:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (somos PLAMBE 1), que inclúe o programa de Radio na Biblio, Biblioteca Creativa, Biblioteca Inclusiva, o programa E-LBE.2 de lectura dixital; e grazas ao cal somos dende o curso 2019 un centro LIA.2: Lectura, Información e Aprendizaxe mediante diversos laboratorios de aprendizaxe desenvolto nos diferentes espazos creativos habilitados (Laboratorio Documental, Laboratorio Experimental, Laboratorio de Imaxe, Laboratorio de Son e Laboratorio de Ideas)
- Contrato- Programa, especialmente nas liñas de Innova, na modalidade “O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento” EDUexcelencia e EDUinnova “O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente”, no ámbito da competencia básica en ciencia e tecnoloxía.
- No Plan Proxecta dentro da modalidade de proxecto Terra.

- No Proxecto de Educación Dixital (E-dixgal), que iniciamos con 5º de Educación Primaria.
- No Plan de Formación do Profesorado (PFPP).

Consideramos que a elaboración dun Plan Dixital acorde co contexto do centro é un recurso máis para axudar nesta compensación de diferenzas no noso alumnado, ademais de abrir novas oportunidades para un maior desenvolvemento das competencias clave e para o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo dunha mellor calidade educativa.

As TICs ou TACs, como recursos educativos, precisan dunha competencia dixital previa dos docentes, de forma que se manipulen e utilicen correctamente os soportes informáticos, programas, o funcionamento dos sistemas operativos... como ferramenta para elaborar a programación de aula, o deseño da metodoloxía e a avaliación, e soamente, baixo o dominio destes recursos, podemos axudar ao alumnado a utilizalos para a súa aprendizaxe e para o avance das distintas competencias. Pero estes recursos dixitais, por si mesmos non garanten unha aprendizaxe significativa, se non que vai depender da didáctica empregada, polo tanto a metodoloxía debe ser activa, que promova a socialización, cooperación e participación de todo o alumnado; flexible e individual para adaptarse a todo o grupo; motivadora, significativa e funcional e que afiance a autonomía e descubrimento.

1.3 Breve xustificación do mesmo:

A normativa indicada para este proceso de dixitalización que queda recollida nos seguintes puntos:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4 Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan solicítouse o apoio de todo o profesorado. Primeiramente realizouse o SELFIE e o test CCD, contando cunha participación

masiva.

A partir dos datos obtidos, os membros do Equipo reunímonos para realizar o DAFO, a partir do cal sacamos conclusións da nosa situación de partida. Posteriormente rematada esta fase inicial definimos os obxectivos propostos para o próximo curso escolar, de forma que poidamos avanzar do urxente ao importante e finalmente redactamos este documento.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura:

- Infraestrutura dixital do centro: *A velocidade de conexión do centro (medida a través da páxina velocimetro.xunta.gal) é de baixada 593,7 Mbps e a velocidade de subida 235.9 Mbps.*
- Infraestruturas de voz e de datos: contamos con dúas liñas de teléfono. Equipo do audio da biblioteca e coa radio do cole, así como a megafonía da conserxería.

Equipamento:

- Aulas dixitalizadas: cada aula conta con ordenador, proxector e pantalla dixital, incluídas as do profesorado especialista, e no presente curso incorporamos dúas novas pantallas dixitais nas aulas do 1º ciclo de Educación Primaria.
- Proxecto E-Dixgal: Iníciase no próximo curso.
- Equipos de xestión e administración: 3 ordenadores e unha impresora para todo o centro.
- Departamento de orientación: 1 ordenador.
- Uso na biblioteca: A biblioteca tamén conta con ordenador, proxector e pantalla, dous portátiles de consulta e outro portátil de empréstito.
- Equipos para uso nas salas de profesorado: dispoñemos de tres ordenadores.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil: un moble cargador onde están ubicados os 8 libros electrónicos, as 17 tabletas e os 19 ordenadores portátiles para o uso do alumnado dende as titorías.
- Aulas de informática: 1 ordenador e 1 impresora
- Dotacións para proxectos específicos: Ademais coa remodelación da biblioteca escolar, creamos un novo espazo denominado LeoLab, con numerosos recursos electrónicos e tecnolóxicos: impresora 3D, escornabots, Beebot, Makey-makey, gafas de realidade aumentada, camisetas de Body-planet, mesas de luz, microscopios electrónicos, mesa infantil interactiva, Matatalab, Primo, Stop motion, chroma-Key... e neste espazo tamén contamos cun portátil e cunha pantalla dixital multitáctil. Todo está conseguido polo proxecto PLAMBE LÍA

- **Servizos dixitais educativos:**
 - Servizos corporativos: WEB do cole e aula virtual.
 - Servixos non corporativos: blog do cole.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** Para a xestión do equipamento e os servizos dixitais temos constituído o Equipo Tecnolóxico, que revisa, actualiza e promove actividades para a utilización pedagóxica destes recursos, mantén actualizada a páxina web do centro e asesora na utilización da aula virtual e da galería coppermine. Para o mantemento facemos uso da UAC e dun servizo externo.
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo)**
Plan de continxencia do centro:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmilladoiro/node?page=1>
Proxecto educativo de centro:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmilladoiro/taxonomy/term/126>

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	2,5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	3,8				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	11	81,8%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO			
OUTROS	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
84,3	Integrador/a(B1)	76,5	Integradora/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	72,1	Integrador/a(B1)	68,2	Integrador/a(B1)
Pri	76	Integrador/a(B1)	77	Integrador/a(B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	6,7%
A2	5	33,3%
B1	3	20%
B2	3	20%
C1	3	20%
C2		
TOTAL	15	100%

2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Respáldase a infraestrutura porque hai orzamento dirixido á mellorala e participa en programas da Xunta. 2. Respáldase a infraestrutura porque hai orzamento dirixido á mellorala e participa en programas da Xunta. 3. O centro conta con dispositivos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Carecemos de rede WIFI aberta de centros. 2. O centro conta con asistencia técnica externa. 3. Carecemos dun sistema de protección de datos xa que non se non se nos plantexara como obxectivo prioritario dende o equipo directivo.
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro apoia ao profesorado con actividades formativas, facilitando recursos e divulgando experiencias. 2. O profesorado colabora con todas aquelas organizacións coñecidas e que forman parte da nosa rede, tanto como con quen o solicita. 3. O profesorado ten acceso ás posibilidades de aprendizaxe xa que o centro solicita todos os cursos un PFPP que cubre unha formación común. 4. Compartimos experiencias dixitais dentro da comunidade a través da páxina Web do 	<ol style="list-style-type: none"> 1.0 tempo, dentro do horario lectivo, é escaso para explorar de forma profunda a ensinanza dixital, xa que se desenvolven diferentes actividades e programas no centro. 2. No centro avaliamos de forma informal nas relacións diarias. 3. Os debates realízanse de xeito puntual cando xurden cuestións sobre determinados recursos dixitais, e non programamos debates continuos. 4. O equipo directivo non prioriza a formación dixital ante outros obxectivos a

		<p>centro e diferentes blogs.</p> <p>5. A maioría do claustro busca recursos educativos dixitais nas súas horas lectivas e non lectivas.</p> <p>6. A maior parte do profesorado crea recursos educativos a nivel individual.</p> <p>7. O noso centro comunícase coas familias utilizando ABALAR.</p> <p>8. O profesorado adapta e emprega recursos dixitais co alumnado con necesidades individuais así como co alumnado NEAE.</p> <p>9. O centro emprega metodoloxía baseada en proxectos.</p> <p>10. O centro innova a través da creación dos "laboratorios de aprendizaxe"</p>	<p>acadar, polo que non establece tempo para o debate do uso das tecnoloxías.</p> <p>5.0 claustro é principiante tanto no uso do EVA como na aula virtual.</p> <p>6. O profesorado descoñece o uso de ferramentas e recursos de avaliación, polo que non se empregan.</p> <p>7. A maioría do claustro non emprega tecnoloxía dixital para facilitar a retroalimentación dende un punto de vista avaliable.</p> <p>8. O alumnado non recibe formación sobre a autoavaliación e a coavaliación empregando ferramentas dixitais, polo que non a utiliza.</p> <p>9. O profesorado non emprega recursos dixitais referentes ás diferentes actividades que conforman o proceso de avaliación.</p> <p>10. O noso nivel de competencia de centro é unha debilidade, obtendo un 84,3, nivel Integrador/a</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>1. O alumnado conta con ordenadores e tabletas xa que o centro emprega parte do orzamento en mercaos, pero non son suficientes.</p> <p>2. A través da asignatura ALFIN impartida en cuarto e sexto de primaria, o alumnado traballa: actuar de maneira segura en internet, actuar de maneira responsable e respetar aos demais cando emprego internet, comprobar se a información que atopo en internet é fiable e precisa e a dar crédito ao traballo de outras persoas que atopo en internet.</p>	<p>1. O profesorado non conta cun tempo específico para ensinar ao alumnado a crear contidos dixitais.</p> <p>2. O centro non contempla a comunicación co alumnado a través das TIC.</p>
	FAMILIAS		<p>1. Falta de formación sobre os recursos educativos dixitais nun amplo número de fogares, por falta de continuidade do proxecto de ensinanza ás familias.</p>
	OFERTA	<p>1. A liña de traballo do centro encamiñase a empregar unha nova metodoloxía de aprendizaxe onde se inclúen as tecnoloxías dixitais.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. O centro organiza e coordina todos os seus plans e programas no marco dun PDI (proxecto documental integrado) bianual, no que todo o claustro comprométese a traballar cunha mesma visión pedagóxica.</p> <p>2. O centro reacondicionou as aulas baleiras converténdolas en espazos de aprendizaxe con múltiples recursos dixitais.</p> <p>3. A creación dos "laboratorios de aprendizaxe" concede en igualdade a todo o alumnado o acceso a todos os recursos dixitais dispoñibles.</p>	<p>1. Carecemos de estratexia dixital</p> <p>2. O profesorado adica o tempo a outras actividades prioritarias para o centro, como as do PDI, polo que carece de tempo para a elaboración da estratexia dixital.</p> <p>3. O centro mantén escasa organización con outros centros.</p> <p>4. Falta de asistencia técnica interna.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Contamos con espazos físicos adicados á ensinanza mediante tecnoloxías dixitais, xa que formamos parte do Plan LIA e participamos nun amplo número de programas da Consellería.</p>	<p>1. A Administración educativa non dota de suficiente material para a ensinanza dixital.</p> <p>2. Carecemos de WIFI aberto no centro.</p> <p>3. A asistencia técnica é inexistente.</p> <p>4. Hai falta de información ante recursos que ten a Administración de cara a informar ao profesorado.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1. A Administración dota de recursos en liña para formar ao profesorado neste campo</p>	
	CONTORNA		<p>1. Moitas das familias do alumnado do noso centro presentan unha elevada analfabetización dixital e falta de recursos e infraestruturas para a conexión óptima dende os fogares. Tamén atopámonos cun</p>

			panorama soioeconómico deprimido.
	ANPA	1.Boa relación e coordinación coa ANPA, Concello e centro.	
	OUTRAS ENTIDADES	1.Boa relación coas entidades coas que participamos pero aínda faltaría por emprender colaboración de xeito dixital.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Para conseguir os obxectivos citados, tivemos en conta a posta en común realizada tendo como base a DAFO e os resultados o SELFIE.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Unha pizarra dixital nova como a instalada recentemente no 1º ciclo de primaria e un dispositivo portátil polo menos por cada alumno dunha titoría, é dicir, se a clase que máis alumnos ten conta con 25 alumnos, que poidamos dispoñer de 25 tablets no centro.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": F. Pedagogía: implementación na aula (F6)						
OBXECTIVO (1):	Reforzar a alfabetización en información (ALFIN) como nutrinte das Tarefas Integradas (TI) en relación co Proxecto Documental Integrado (PDI).				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos/Equipo de BE-DL				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de profesorado que desenvolve as súas Programacións de Aula a través de TI que se nutren de ALFIN en relación co PDI, usando os recursos documentais, dixitais, audiovisuais... da BE-LeoLab do centro.					
Valor de partida (3)	55% do profesorado desenvolve TI que, dentro das súas programacións, se nutren de ALFIN en relación co PDI usando os recursos da BE-LeoLab do centro.					
Valor previsto e data (4)	Reforzar a alfabetización en información (ALFIN) como nutrinte das Tarefas Integradas (TI) en relación co Proxecto Documental Integrado (PDI).			Acadado		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Realizar a avaliación inicial sobre o grao de coñecemento e integración de ALFIN a través de TI nas programacións; así como do	Equipo de BE-DL	04/10/2022	Cuestionarios individuais en formato dixital e/ou papel		Realizada	
					Aprazada	

concepto de PDI					Pendente	
A01.2: Realizar unha sesión mensual, en horario de tarde, para formarse conxuntamente no coñecemento e funcionalidade do PDI de cara ao deseño de TI que se nutren de ALFIN	-Equipo de BE-DL	07/10/2022 05/11/2022	Espazo físico da Biblioteca Materiais necesarios para a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaborar e implementar ao longo do curso, alomenos, tres plantillas-resumo de TI, que serán aloxadas no repositorio do centro, en relación co PDI e, sempre, tendo en conta as propostas de actividades trimestrais.	Xefatura e o equipo BE-DL	20/06/2023	PDI Plantilla-resumo de TI Propostas de actividades trimestrais Repositorio dixital do centro Programacións de Aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": D. Desenvolvemento profesional continuo (D2) E. Pedagogía: apoios e recursos (E3, E4)						
2. OBXECTIVO (1):	Formación do profesorado nas ferramentas dixitais de uso básico do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador de radio. Coordinador de biblio. Xefa de estudos. Coordinador TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que empregue ditas ferramentas.					
Valor de partida (3)	Só o 40% do profesorado coñece ou utiliza as ferramentas básicas do centro: Coppermine, Agüeiro, Blogue e Ivoox.					
Valor previsto e data (4)	Conseguir que para o final de curso o 75% de profesorado as utilice.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1:Avaliación inicial ao profesorado para coñecer o nivel de competencia no uso das ferramentas.	Xefa de estudos	19/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2:Programación dunha formación en cada unha das ferramentas citadas.	Coordinador radio Coordinador biblio Coordinador TIC	03/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3:Formación do profesorado nas ferramentas.	Coordinador radio Coordinador biblio Coordinador TIC	10/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4:Avaliación do uso do profesorado.	Coordinador radio Coordinador biblio Coordinador TIC	05/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoios e recursos (E2)							
3. OBXECTIVO (1):	Creación dun repositorio dixital para compartir materiais entre docentes.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de materiais virtuais creados						
Valor de partida (3)	Non existe repositorio						
Valor previsto e data (4)	Conseguir un repositorio compartido de centro, onde o 85% do profesorado cree ao longo do curso un material dixital por trimestre.				30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
A03.1: Formación ao profesorado sobre a plataforma do centro	Xefa de estudos	26/09/2022	Guía de uso Aula con ordenadores			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A03.2: Reunión do equipo docente para determinar como se fará a organización da plataforma.	Xefa de estudos	03/10/2022	Equipo docente Aula claustro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A03.3: Realizar unha aportación trimestral por nivel ou por docente	Coordinador TIC	20/06/2023	Ordenadores con dispositivos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G7)

4. OBXECTIVO:	Avaliar a integración dos recursos dixitais LEOLAB nas actividades propostas na PDI			Acadado		
Responsable:	Coordinadores dos equipos			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Mellorar a integración do uso dos recursos dixitais na PDI					
Valor de partida:	Falta de avaliación					
Valor previsto e data:	Mellorar e aumentar o uso das TIC, onde o 80% do profesorado participe nas plantillas para avaliar.			15/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Realizar unha plantilla para avaliar os recursos utilizados	-Coordinadores de equipo	-20/09/2022	-Plantilla de recursos avaliáveis		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Reflexionar individualmente sobre os puntos da plantilla	-Equipo docente	-27/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Posta en común e avaliación ao final do trimestre	-Coordinadores equipo	-19/12/2022 -20/03/2023 -19/06/2023	- Datos obtidos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: A. Liderado (A5)						
5. OBXECTIVO (1):	Coñecemento sobre os dereitos de autor e os dereitos de cita				Acadado	
RESPONSABLE:	Mestra asignatura ALFIN.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de mestres que indican a autoría dos recursos utilizados nas súas creacións.					
Valor de partida (3)	Só o 20% do profesorado indica licenzas.					
Valor previsto e data (4)	Conseguir que para o final de curso o 90% de profesorado as utilice.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1 Curso para o profesorado sobre dereitos de autor e licenzas	Mestra área ALFIN	26/09/2022	Aguero		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Creación dun equipo de Mestres que revise a correcta sinalización de autorías nos materias creados polo resto de docentes	Profesorado que coñece como sinalar autorías	30/09/2022	Aguero		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Creación dun repositorio de materiais de centro, onde os materiais estén correctamente con licenzas	Equipo docente.	10/06/2023	Aguero		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Avaliación do uso do profesorado.	Coordinador radio Coordinador biblio Coordinador TIC	20/06/2023	Recursos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

A avaliación será continua, de modo que se poida ir axustando o que propoñemos coa realidade práctica, e realizarse nos diferentes equipos de docentes e na comisión de coordinación pedagóxica. Esta avaliación consistirá en analizar e sacar conclusións para solucionar as deficiencias detectadas e reforzar os logros. Estableceremos unha serie de indicadores que se dividirán nos seguintes:

- Indicadores de logros, referidos aos obxectivos xerais e específicos para cada un dos alumnos conseguidos.
- Indicadores de actividade, nos que avaliaremos a execución da actividade (realización das mesmas, número de participantes, adecuación das tarefas a idade, uso adecuado dos medios tecnolóxicos...)
- Indicadores de impacto, referidos aos cambios esperados e desexados que se produciron como consecuencia do programa.

4.2 Propostas de mellora (revisión).

Rematado o primeiro curso co Plan dixital en marcha do cole, revisaremos a posta en práctica do mesmo, analizando o punto desde o que partíamos e comprobando se as nosas infraestruturas dixitais aumentaron, se o Plan dixital está integrado na comunidade educativa e se a nosa competencia dixital mellorou.

5 Difusión do plan

- Web do cole
- Blog do cole
- Abalar

Publicaremos toda a información nos noso medios de comunicación para manter á comunidade educativa ó día da actividade do cole e das súas melloras.